

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Contratos administrativos

LICITACIÓN PARA CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A ORDENACIÓN URBANÍSTICA DA ÁREA DA PANIFICADORA DO PEPRI DO CASCO VELLO.

ORGANISMO AUTÓNOMO “XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO”

ANUNCIO para o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a ordenación urbanística da área da Panificadora do PEPRI do Casco Vello.

1. *Entidade adxudicadora:* “Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo”, Servizos Centrais. Nº de expediente 1046/400.

2. *Obxecto do contrato:* concurso de ideas para a selección polo xurado da proposta de ordenación que serva de base para a elaboración da ordenación urbanística detallada da área delimitada pola Panificadora e polos terreos lindeiros do Plan especial de protección e reforma interior do Casco Vello de Vigo.

3. *Tramitación e procedemento:*

3.1.—Tramitación: ordinaria.

3.2.—Procedemento: aberto.

4. *Orzamento base:* 50.000,00 euros (premio), máis 74.657,00 euros (redacción da modificación do Plan Especial).

5. *Garantías provisionais:* non se esixe.

6. *Obtención da documentación e información:* www.vigo.org (perfil do contratante). Teléfono: 986.810346. Fax: 986224780. Data límite para solicitar documentación: ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

7. *Requisitos específicos do contratista:* titulación profesional habilitante para a redacción de planeamento urbanístico.



8. *Presentación de ofertas*: o prazo rematará aos corenta e cinco días naturais seguintes ao da última publicación do presente anuncio no BOP ou no DOG. Documentación: a esixida nas cláusulas 10ª e 11ª do prego de bases que rexe este concurso. Lugar de presentación: Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo (Praza do Rei s/n, ata as 13:30 horas do último día de prazo ou nas formas previstas na cláusula 10ª).

9. *Apertura das ofertas técnica e económica (entidade, domicilio e localidade)*: véxase o punto 6 do anuncio (a data e hora anunciarase no perfil do contratante).

10. *Páxina web para a obtención de información*: www.vigo.org.

Vigo, 2 de novembro de 2016.—O Presidente.—A Vicepresidenta (P.D. 06.07.2015), María José Caride Estévez.

